

[PORTADA \(/\)](#) > [GALICIA \(/GALICIA/\)](#) > [BARBANZA \(/BARBANZA/\)](#)

A escritora do Sar xa ten o seu día na veciña comarca de Barbanza

• *Varias vilas conmemoraron con música e poesía o aniversario do seu nacemento*

M. X. BLANCO ([/FIRMAS/MARIA-JOSE-BLANCO-GIRALDEZ/](#)). 25 de febreiro de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

★★★★★ 0 votos



FOTO: C. QUELJEIRO. Marta Ríos impartiu un obradoiro poético na Cachada. .

Aínda que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega segue sen ver cumprido o seu soño de que o 24 de febreiro sexa institucionalizado coma o día de Rosalía de Castro, a súa reivindicación está a ter eco en diversos puntos da comunidade. É o caso de Barbanza. Onte, coincidindo co aniversario do nacemento da escritora do Sar, houbo actividades especiais, en forma de concertos e recitais, en diversas vilas. E esta homenaxe á autora de Follas novas non fixo máis que empezar.

Concellos e asociacións da comarca quixeron lembrar a Rosalía contribuíndo a espallar a súa obra entre as novas xeracións. En Porto do Son, os alumnos do colexio Santa Irene fixeron que os versos da escritora do Sar resoaran entre as paredes da casa de cultura. O acto arrancou cunha breve intervención a cargo da concelleira de Cultura, María Maneiro. Pola tarde, na ludoteca desta vila, estaba previsto que os nenos realizaran chapas conmemorativas.

Poemas da mesma pluma que escribiu aquel Adios ríos, adios fontes foron tamén o eixo do obradoiro que se desenvolveu na casa de cultura boirense. Da man de Marta Ríos, un grupo de nenos analizaron os versos de Rosalía de Castro e compuxeron creacións propias. No edificio da Cachada recalarán hoxe Najla Shami e Héctor Lorenzo cun espectáculo musical baseado na obra rosaliana: Na lingua que eu falo.

Onte foron un grupo de estudantes de Ribeira os que tiveron ocasión de gozar deste concerto e dun coloquio cos músicos. No futuro haberá máis actividades de homenaxe a Rosalía en Barbanza. A próxima, un acto institucional que terá lugar o sábado en Rianxo.

14

Camiño a percorrer

Aínda que se percorreu camiño no recoñecemento á que foi unha figura indispensable na literatura do século XIX, quedan moitos pasos por dar. Desde Barbanza, voces como a de Ana Blanco, intelectual sonense que forma parte da Fundación Rosalía, esixen que se instaure xa un día dedicado á escritora: «Debería terse institucionalizado moito antes».

Ela considera vital espallar a obra da autora de Cantares gallegos; opinión que, desde a asociación cultural Barbantia, comparte Xoán Pastor Rodríguez: «Non só hai que sacar adiante a proposta do día de Rosalía, senón que hai que difundir a súa produción, que ten máis recoñecemento fóra que en Galicia».
